

# Funcións include e require

O uso de librerías en PHP é tremendamente útil, permítenos agrupar varias funcións e variables nun mesmo ficheiro, de maneira que logo podemos incluír esa librería en distintas páxinas e dispor desas funcións facilmente.

Para poder facer esta tarefa empregamos as funcións **include**, **require**, **include\_once** e **require\_once** de PHP.

- [Función include en PHP](#)
- [Función require en PHP](#)
- [Función include\\_once en PHP](#)
- [Función require\\_once en PHP](#)

Por exemplo creamos este ficheiro chamado `libreria.php` co seguinte contido:

```
<?php
function CabeceiraPaxina()
{
    echo "<FONT SIZE="+1">Esta cabeceira estará en todas as súas páxinas.</FONT><BR><hr>";
}

function PePaxina()
{
    echo "<hr><FONT SIZE=-1">Este é o pé de páxina.</FONT><BR>Autor: Webmaster.";
}
?>
```

Agora imos crear 2 páxinas que usan a librería definida anteriormente para conseguir que as dúas paginas teñan a mesma cabeceira e pé de paxina.

A instrución para incluír unha librería na nosa páxina é **include("nome de librería")**

```
<html>
<head>
    <title>Exemplo de PHP</title>
</head>
<body>
<?php include("libreria.php"); ?>
<?php CabeceiraPaxina(); ?>

Páxina 1
<BR><BR><BR><BR>

Contido blalbl blalb alb<BR><BR>
máis cousas...<BR><BR>

fin<BR><BR>

<?php PePaxina(); ?>
</body>
</html>

<html>
<head>
    <title>Exemplo de PHP</title>
</head>
<body>
<?php include("libreria.php"); ?>
<?php CabeceiraPaxina(); ?>

Esta é outra páxina<BR><BR>
completamente distinta<BR><BR>
pero comparte o pé e a cabeceira coa outra.<BR><BR>

<?php PePaxina(); ?>
</body>
</html>
```

--Veiga (discusión) 12:32 2 oct 2014 (CEST)